

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 27 de setembro de 2019, ratificou o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Física, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE FÍSICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1º

A Facultade de Física é o Centro da USC encargado da xestión e organización na Universidade de Santiago de Compostela dos estudos conducentes á obtención do título de Graduado ou Graduada en Física, así como aqueloutros estudos que se programen de acordo coa normativa vixente, entre eles os estudos de Grao e Posgrao relacionados coa Física que se implanten na USC. A Facultade tamén poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas ou títulos relacionados coa Física e/ou as súas aplicacións.

Artigo 2º Funcións da Facultade

Son funcións da Facultade:

- a) A elaboración dos plans de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daqueloutras compartidas por varios centros.
- b) A organización e a xestión dos servizos docentes que lles correspondan.
- c) A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no centro, das prácticas tuteladas externas e/ou prácticum recollidos nos plans de estudos e a participación nos procedementos que estableza a Universidade para a avaliación da calidade docente.
- d) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- e) A promoción de programas de intercambio.
- f) A promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.
- g) A realización das actividades de xestión académica que lle encomende a Universidade.
- h) A administración dos espazos, servizos, equipamentos e recursos do centro e o control da súa calidade.

- i) O coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no centro.
- j) A realización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.
- k) Calquera outra función que, de acordo con este Regulamento, lle encomende a Xunta de Facultade.

Artigo 3º

Para o cumprimento das súas funcións, a Facultade de Física rexerese por este regulamento, que contempla o principio de prevalencia dos órganos colexiados sobre os persoais, de respecto ás minorías e de participación libre e igual de todos os seus membros. En liña co Plano de Igualdade de Xénero e coa Memoria de Responsabilidade Social da USC, velará especialmente pola promoción da lingua galega, promoverá a igualdade entre homes e mulleres, a inclusividade e preocuparase polo desenvolvemento sostible.

A Facultade terá como criterios básicos os principios de eficiencia no uso de recursos públicos, os de calidade docente e investigadora e os de prestación de servizos á sociedade.

Artigo 4º

A Facultade conta cun Sistema de Garantía de Calidade (SGC) que alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da Facultade contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua.

O SGC dispón dun manual que define o alcance do sistema, a estrutura para o seu desenvolvemento e o mapa de procesos que son responsabilidade directa do Centro. O manual do SGC deberá ser aprobado pola Xunta de Facultade e polo órgano da USC que determine a normativa vixente.

TÍTULO PRIMEIRO: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE Capítulo I: Dos órganos de goberno da Facultade de Física Artigo 5º Órganos de goberno

Son órganos de goberno da Facultade de Física:

- a) A Xunta de Facultade.
- b) O decano ou decana do centro.
- c) Os vicedecanos ou as vicedecanas.
- d) O secretario ou secretaria.

Artigo 6º

Os órganos de goberno e representación da Facultade, no ámbito das súas competencias, teñen como deberes fundamentais os de promover e impulsar a ensinanza, a investigación e a xestión de calidade, a prestación de servizos á sociedade, así como fomentar a participación dos distintos sectores universitarios. **Artigo 7º Coordinadores/as das Titulacións**

Cada unha das titulacións impartidas na Facultade terá un Coordinador/a que será nomeado polo reitor a proposta do/a decano/a entre o persoal docente e investigador permanente con dedicación a tempo completo que imparta docencia na titulación. Estas propostas de nomeamentos deberán ser ratificados pola Xunta de Facultade. Os/as Coordinadores/as serán membros natos das correspondentes Comisións de Título.

Cada unha das titulacións impartidas na Facultade poderá contar con coordinadores/as de curso/mención ou especialidade, co/coa coordinador/a de Traballos Fin de Grao (de aquí en adiante TFG) ou Traballos de Fin de Máster (de aquí en adiante TFM), segundo corresponda. O nomeamento dos/as coordinadores/as será a proposta do decanato, previa consulta co/coa coordinador/a do título correspondente, e deberán ser ratificados pola Xunta de Facultade.

Artigo 8º Coordinadores/as responsables de actividades

Por proposta do decanato poderán nomearse: Coordinador de Calidade, Responsable de Seguridade e Saúde, Coordinadores de Prácticas Externas, Responsable de Relacións Exteriores e Mobilidade, Coordinadores de Laboratorios así como responsables ou coordinadores/as das actividades ou funcións que se consideren. Os nomeamentos serán comunicados á Xunta de Facultade.

Capítulo II: Da Xunta de Facultade Artigo 9º

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Artigo 10º

Son competencias da Xunta de Facultade:

- a) A elección do decano ou decana e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
- b) A elaboración e a aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente-
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de posibles novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- g) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación
- i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.

Artigo 11º

1. A Xunta de Facultade estará composta por:
 - a. O decano ou decana, que a convocará e presidirá.
 - b. Os/as vicedecanos/as.
 - c. O secretario ou secretaria, que o será tamén da Xunta.
 - d. O/a responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.
 - e. O director ou directora da biblioteca do centro.

- f. O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% dun profesor/a a tempo completo na súa área de coñecemento.
- Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51% da Xunta.
 - resto do persoal docente e investigador sempre que non exceda do 10% do total da Xunta.
- g. Unha representación do estudiantado do 32%.
- h. Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.
2. O artigo 95.2 dos Estatutos da USC indica que "O regulamento de réxime interno de cada centro, de ser o caso, determinará o número de subsectores e a representación de cada un, respectando en todo caso os seguintes límites:
- a. O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5 %.
- b. O estudiantado de grao non poderá representar menos do 20 % e garantirase a representación do estudiantado de máster e doutoramento cando proceda."
- Polo tanto este regulamento determina que o sector de PDI a tempo parcial e persoal contratado con cargo a proxectos e actividades de investigación represente ata un 5%; o sector do estudiantado de grao un 25% do total da Xunta e o sector do estudiantado de máster e doutoramento un 7%.
3. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os do estudiantado, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido.

Artigo 12º

Será convocado á Xunta de Facultade, con voz, pero sen voto, todo o persoal docente e investigador que imparta docencia na Facultade e non sexa membro dela, sempre que presente unha solicitude motivada. Darase conta dos invitados asistentes ao comezo da sesión.

O decano ou decana poderá convocar ás sesións da Xunta de Facultade ás persoas que estime necesario, con voz e sen voto, cando a natureza dos asuntos a tratar así o requira.

Artigo 13º

A Xunta de Facultade desenvolverá as súas funcións en Pleno ou en Comisións.

Artigo 14º

O Pleno da Xunta de Facultade está formado por todos os seus membros. Os seus debates estarán dirixidos polo decano/a, que o presidirá, e o secretario/a, que o será da Xunta. O vicedecano/a asumirá a presidencia en caso de ausencia do decano/a.

O Pleno entenderase constituído en primeira convocatoria cando concorran máis da metade dos seus membros contando coa asistencia do/a decano/a e do/a secretario/a, ou de quen legalmente os substitúan; en segunda convocatoria (media hora despois) cando o número de membros presente sexa polo menos do 15%, contando coa asistencia do/a decano/a e do/a secretario/a, ou de quen legalmente os substitúan.

Artigo 15º

O Pleno da Xunta de Facultade reunirse con carácter ordinario e extraordinario. As reunións ordinarias terán lugar polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo. As reunións con carácter extraordinario faranse por iniciativa do/a decano/a ou cando o solicite polo menos 25% dos membros da Xunta de Facultade. Producida a solicitude, a Xunta de Facultade deberá convocarse no prazo máis breve posible e sempre dentro dos dez días lectivos seguintes ó pedimento.

Artigo 16º

As xuntas de facultade ordinarias serán convocadas cunha antelación mínima de 48 horas e a súa orde do día incluírá necesariamente, alomenos, os puntos seguintes: lectura e aprobación das actas das sesións previas, informes do equipo decanal e rogos e preguntas.

As Xuntas extraordinarias convocaranse cunha antelación mínima de 48 horas salvo que a natureza urxente do asunto esixa unha antelación menor.

En ámbolos dous casos a convocatoria farase por medios electrónicos. Na convocatoria deberá constar a orde do día, data, hora da primeira e da segunda convocatoria, lugar da reunión e acceso á documentación complementaria dos puntos da orde do día.

Artigo 17º

A orde do día será fixada polo decano ou decana, asistido polo equipo decanal, e incluírá aqueles asuntos que sexan propostos por un 25% dos membros da Xunta de Facultade. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da Xunta e sexa declarado de urxencia e aprobado polo voto favorable da maioría simple dos asistentes.

Artigo 18

As reunións da Xunta de Facultade deben celebrarse nunha xornada, podendo interromperse para continuar na sesión de tarde. A duración de cada sesión non superará as 4 horas agás concordaren o contrario máis da metade dos membros presentes. Se na xornada non se conclúen os puntos da orde do día, o pleno deberá volver a convocarse á maior brevidade posible, para abordar os puntos non tratados.

Artigo 19º

As decisións poden ser adoptadas por asentimento ou por votación, estas últimas públicas a man alzada, ou secretas. A votacións realizaranse mediante procedemento secreto cando afecte a persoas. Nos demais casos será pública salvo que o decida o decano/a a solicitude dalgún dos membros presentes, ou sempre que o solicite o 33% dos asistentes presentes no momento da votación. En ningún caso poderán admitirse votos de membros non presentes no momento da votación.

No caso das votacións, os acordos ordinarios adoptaranse por maioría simple. Exceptúase das maiorías indicadas aqueles acordos para os que explicitamente se especifiquen outros tipos de maioría neste regulamento ou outros de rango superior.

No caso de que sexan sometidas a votación mais de dúas propostas simultáneas procederase a unha segunda volta, na que se tomarán en consideración as dúas propostas mais votadas na primeira volta. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do decano ou decana, ou en caso de ausencia, polo vicedecano/a que asuma a presidencia.

Artigo 20º

1. A Secretaría da Xunta de Facultade será desempeñada polo secretario ou secretaria da Facultade quen levantará acta de cada sesión. En caso de ausencia do secretario/a, actuará como secretario accidental o vicedecano/a ou, no seu defecto, o PDI máis novo presente na sala que reúna os requisitos establecidos nos Estatutos.
2. En cada acta especificaranse:
 - a) Os membros da Xunta de Facultade que asistiron á reunión e as ausencias comunicadas.
 - b) A orde do día da sesión e as circunstancias de lugar e tempo nas que se celebrou.
 - c) Un resumo dos debates que inclúa os puntos principais das deliberacións.
 - d) O contido íntegro dos acordos, especificando o número de votos favorables a cada unha das propostas.
3. Na acta figurará, previa solicitude dos respectivos membros da Xunta, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifican, ou o sentido do

voto favorable. Así mesmo, calquera membro da Xunta terá dereito á transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, para o que será imprescindible que se lle entregue por escrito ao secretario ou secretaria antes do remate da sesión ou no prazo que sinale o decano ou decana.

4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular por escrito o seu voto particular, no prazo de 48 horas, que se incorporará ao texto aprobado. En todo caso deberán anunciar a intención de voto particular na propia sesión.
5. Cada acta será asinada polo secretario ou secretaria, ou quen o substitúa, co visto e prace do presidente.
6. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade, coas modificacións propostas polos membros da Xunta e aprobadas por esta, de selo caso

Artigo 21º

1. As actas, unha vez aprobadas, asinadas polo secretario ou secretaria co visto e prace do decano ou decana, arquivaranse segundo as instrucións da Secretaría Xeral e poderán ser consultadas por calquera membro da Xunta de Facultade.
2. Só darán fe dos acordos aprobados pola Xunta de Facultade as certificacións expedidas polo secretario ou secretaria, co visto e prace do decano ou decana. Con anterioridade á aprobación da acta tamén poderán emitirse certificacións sobre os acordos que se adoptaron.
3. O secretario ou secretaria, co visto e prace do decano ou decana, expedirá certificación dos acordos a calquera membro da Facultade que o solicite por escrito.

Capítulo III: Do Equipo Decanal Artigo 22º

O equipo decanal estará constituído polo/a decano/a, vicedecano/a (s) e secretario/a, segundo establecen os estatutos da USC.

Artigo 23º

O decano ou decana representa á facultade, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

A Xunta de Facultade elixirá o decano ou decana de entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade censado no centro.

Artigo 24º

O mandato do decano ou decana terá unha duración de catro anos, podendo ser reelixido por unha soa vez consecutiva. Cesará no seu cargo ó remate do seu mandato, por decisión

do reitor da Universidade a petición propia, ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 25º

A moción de censura ó/á decano/a pode promovela un terzo dos membros da Xunta de Facultade, e deberá incluír unha candidatura con equipo e programa, deberá presentarse no rexistro da Facultade asinada por todos os promotores, un dos cales deberá figurar como representante e como candidato alternativo ao decanato. Recibida a proposta, o/a decano/a procederá, nun prazo máximo de 15 días, á convocatoria extraordinaria da Xunta de Facultade para debater a moción presentada. A moción de censura será aprobada cando obteña maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. De non prosperar a moción de censura, os seus promotores non poderán promover unha segunda moción durante o mesmo curso académico.

Artigo 26º

O/A decano/a ten as competencias que lle atribúen os Estatutos da Universidade. Son competencias do decano ou decana:

- a) A representación da Facultade.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
- c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
- d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao centro.
- e) A dirección económica das actividades organizadas polo centro.
- f) A proposta ao reitor ou reitora do nomeamento e cesamento do secretario ou secretaria da Facultade e, de ser o caso, dos vicedecanos ou vicedecanas, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- g) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
- h) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- i) O control do adecuado mantemento do patrimonio do centro.
- j) O exercicio das restantes funcións que deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen estes estatutos ou a lexislación universitaria.

Artigo 27º

As competencias do decano ou decana estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 28º

1. Os vicedecanos ou vicedecanas serán nomeados polo reitor, por proposta do decano ou decana, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da USC.
2. É labor dos vicedecanos ou vicedecanas coordinaren ou dirixir, baixo a autoridade do decano ou decana, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. Substitúe ó decano ou decana en caso de ausencia ou enfermidade. De existiren varios fará a designación de substitución o decano ou decana.
3. Os vicedecanos ou vicedecanas cesarán por decisión do reitor, tras a proposta do decano ou decana ou por petición propia.

Artigo 29º

1. O secretario ou secretaria da facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o decano ou decana, a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
2. O secretario ou secretaria será nomeado polo reitor ou reitora, segundo a proposta do decano ou decana, de entre o profesorado ou funcionariado dos subgrupos A1 e A2, censados no centro.
3. Para os supostos de ausencia, incapacidade ou vacante do secretario ou secretaria da Facultade, poderá asumir as funcións un membro do equipo decanal designado polo decano ou decana, tendo en conta que o suplente debe reunir os requisitos para ser secretario ou secretaria, non podendo prolongarse esta situación máis de seis meses.
4. O secretario cesará por decisión do reitor, tras a proposta do decano ou decana ou por petición propia.

Artigo 30º

En caso de ausencia, incapacidade ou vacante, o decano ou decana será substituído polo vicedecano ou vicedecana, non podendo prolongarse esta situación máis alá do que resta de mandato do equipo decanal.

Capítulo IV: Das Comisións da Xunta de Facultade

Artigo 31º

As comisións delegadas da Xunta de Facultade terán como misión emitir informes, coordinar, estudar e elaborar propostas, así como adoptar acordos sobre os asuntos que este regulamento ou os órganos competentes de goberno da Facultade lles encomenden.

As competencias das comisións delegadas serán as seguintes:

1. O coñecemento e decisión sobre os asuntos de trámite.
2. A información e adopción de acordos sobre aqueles asuntos que, sendo competencia da Xunta de Facultade e non estando expresamente reservados ao Pleno, lle foran delegados.
3. O asesoramento en todas as cuestións que o/a director/a lle someta no exercicio das súas competencias.

Artigo 32

As Comisións delegadas serán:

- a) Comisión de Calidade e Docencia.
- b) Comisións académicas das titulacións adscritas á Facultade cuxa oferta docente estea asignada maioritariamente ás áreas dos departamentos con sede na Facultade
- c) Comisión de Infraestruturas e Asuntos Económicos.

Artigo 33º

A composición das Comisións delegadas será:

- 1) Os membros das comisións delegadas teñen que selo tamén da Xunta de Facultade. Estas comisións, nos casos nos que se considere oportuno, poden invitar a outras persoas a participaren nelas, con voz pero sen voto.
- 2) O/A decano/a ou persoa na que delegue, formará parte e presidirá as comisións. O/A secretario/a da Facultade actuará como secretario/a da comisión.
- 3) A renovación ou substitución dos membros das comisións delegadas farase, como mínimo, despois das eleccións a decano/a.
- 4) Os membros das comisións delegadas cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros da Xunta de Facultade segundo o Regulamento electoral da USC. Os postos vacantes por cese ou dimisión serán cubertos no prazo máis breve posible.

Artigo 34

- 1) As comisións delegadas serán convocadas cunha antelación mínima de 48h.

- 2) O réxime de constitución das comisións será o mesmo que o da Xunta de Facultade
- 3) Os acordos, informes, propostas e recomendacións das comisións delegadas adoptaranse por maioría simple. Os acordos das comisións, agás naqueles casos que lle foran delegados, deberán someterse á aprobación da Xunta de Facultade.

Artigo 35º Outras comisións

1) Outras Comisións non delegadas:

- a) Comisión de Coordinadores de Laboratorios
- b) Comisións académicas das titulacións adscritas á Facultade cuxa oferta docente non estea asignada maioritariamente ás áreas dos departamentos con sede na Facultade
- c) Comisión de Actividades Culturais
- d) Comisión de Biblioteca.
- e) Comisión de Normalización Lingüística.
- f) Comisión de Igualdade de Xénero.
- g) Comisión de Honras e Distincións.

- 2) A Xunta de Facultade poderá crear Comisións para todos os asuntos que considere pertinentes e cando proceda, suprimilas. A composición de cada comisión e as súas competencias estableceranse polo pleno da Xunta de Facultade. En todos os casos consideraranse constituídas cando concorran as mesmas circunstancias que se indican no Artigo 14 deste Regulamento e tomarán as súas decisións por maioría.
- 3) A/O Decana/o exercerá a presidencia de cada comisión que poderá delegar nalgún dos seus membros.
- 4) Cada comisión elixirá o/a seu/súa secretario/a cando non actúe como tal o/a secretario/a da Facultade.

Artigo 36º A Comisión de Calidade e Docencia

A Comisión de Calidade e Docencia (CCD) estará integrada por:

- a) O/a decano/a, ou persoa na que delegue.
- b) O/a responsable de Calidade do Centro.
- c) O/a vicedecano/a.

- d) O/a secretario do centro.
- e) O Coordinador de Calidade, se fose nomeado.
- f) Os/as coordinadores/as das titulacións adscritas ao Centro.
- g) Un representante de cada área dos departamentos con sede no Centro, proposto por eles, que teña docencia asignada nalgunha titulación das que o centro é responsable.
- h) Un representante das áreas externas con docencia asignada nalgunha titulación das que o centro é responsable que debe cumprir o requisito de ser membro da Xunta de Facultade de Física.
- i) Un representante do alumnado proposto polos representantes do alumnado na Xunta de Facultade.
- j) O/a responsable da Unidade de Apoio á Xestión.

Ademais, o/a decano/a cando o considere oportuno pode propoñer outros membros á xunta de centro para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A Comisión de Calidade reunirase coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCD son as seguintes:

- a) Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do Sistema de Garantía de Calidade.
- b) Elaborar a memoria de calidade do centro.
- c) Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- d) Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- e) Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- f) Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- g) Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.
- h) As funcións da Comisión de Calidade e Docencia no ámbito da docencia son todas as relacionadas cos asuntos académicos que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento dos plans de estudos que non sexan competencia exclusiva da Xunta de Facultade e, en particular, a aprobación da planificación académica anual

das titulacións que se imparten na Facultade (PDA, Horarios, Programacións Docentes, ...); e coñecer, informar e, se é do caso, resolver, sobre calquera conflito que puidera xurdir no desenvolvemento da docencia

Artigo 37º As Comisións académicas das titulacións adscritas á Facultade

Comisións académicas das titulacións adscritas á Facultade.

1. As titulacións universitarias oficiais adscritas á Facultade poderán contar, nos termos previstos pola normativa da Universidade de Santiago de Compostela, con comisións académicas coa composición que a devandita normativa determine.
2. Cando corresponda ao decano ou decana a presidencia das comisións previstas neste artigo, poderá delegala no coordinador ou coordinadora da titulación. Se se levase a cabo esta delegación, procurarase que quede garantida a representación institucional da Facultade na correspondente comisión a través da presenza nela como membro do decano ou decana ou do integrante do equipo decanal que designe, ou da maneira que permita a normativa reguladora destas comisións.
3. As comisións académicas previstas neste artigo elixirán de entre os seus membros un secretario ou secretaria. O/A secretario/a da facultade será secretario/a das comisións académicas que teñan a condición de delegadas da Xunta de Facultade.
4. As Comisións Académicas das Titulacións de Grao contarán entre os seus membros cos coordinadores de curso e o coordinador de Prácticas, aparte dos membros que determine a normativa.
5. As Comisións Académicas das Titulacións de Máster organizadas en especialidades/módulos contarán entre os seus membros cos coordinadores respectivos.

Corresponde ás comisións académicas de todas as titulacións oficiais adscritas á Facultade as funcións de organización docente das correspondentes titulacións que lle atribúa a normativa, sen prexuízo do deber de informar dos acordos adoptados á Xunta de Facultade, quen poderá achegar ás comisións propostas para a necesaria coordinación das titulacións que se imparten no centro.

Artigo 38º A Comisión de Infraestruturas e Asuntos Económicos

A Comisión de Infraestruturas e Asuntos Económicos estará formada polo decano ou decana, ou persoa en que delegue, que actuará como presidente, o vicedecano ou vicedecana, o secretario ou secretaria; garantirase un representante do profesorado por cada unha das áreas de coñecemento dos Departamentos adscritos á Facultade de Física

con docencia asignada nas titulacións do centro, un representante do alumnado, un representante do PAS. Estes representantes serán propostos polos departamentos.

Entre as súas funcións específicas inclúense:

- a) Informar sobre o estado de execución de gasto.
- b) Propor a distribución das partidas de equipamento docente do centro e de comunicacións.
- c) Propor a dotación de medios para o correcto funcionamento das funcións que ten asignadas a Facultade: docencia, investigación, administración e servizos.
- d) Facer o seguimento do estado do edificio da Facultade, realizar propostas conducentes á súa mellora.
- e) Propor a programación de uso dos espazos, servizos e equipamentos da Facultade e a supervisión da súa xestión.

Artigo 39º A Comisión de Coordinadores de Laboratorio

1. A Comisión de Coordinadores de Laboratorio estará integrada por 1 membro do persoal docente e investigador de cada área de coñecemento dos departamentos con sede no centro con docencia nas titulacións que imparte a facultade.
2. Os representantes das áreas deben elixirse entre aqueles que imparten docencia con regularidade nas materias con interactivos de laboratorio das titulacións de Grao.
3. Son competencias da Comisión de Coordinadores determinar as necesidades materiais de cada laboratorio, planificar as adquisicións de recursos, executar as axudas recibidas e dar conta do impacto delas na titulación.

Artigo 40º A Comisión de Biblioteca

4. A Comisión de Biblioteca terá a composición que determine o Regulamento da Biblioteca Universitaria da USC.
5. A Comisión de Biblioteca terá as funcións que veñen determinadas polo Regulamento da Biblioteca Universitaria e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela

Artigo 41º A Comisión de Normalización Lingüística

- 1) A Comisión de Normalización Lingüística terá a composición que determine o regulamento de Normalización Lingüística da USC.

- 2) A súa función será desenvolver accións e promover actividades tendentes a favorecer o uso do galego no ámbito da Facultade.

Artigo 42º A Comisión de Igualdade de Xénero

A Comisión de Igualdade de Xénero estará integrada por:

- a) O decano ou decana, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e a convoca.
- b) 1 representante do profesorado por cada área de coñecemento dos departamentos adscritos á Facultade.
- c) 2 representantes do estudiantado.
- d) 1 representante do persoal de administración e servizos.

As funcións da Comisión de Xénero da Facultade de Física serán as seguintes:

- a) Impulsar e velar polo cumprimento do Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres da USC.
- b) Integrar a perspectiva de xénero en todos os ámbitos da Facultade de Física.
- c) Analizar a situación da Facultade respecto á igualdade de xénero e propor protocolos e medidas de mellora.
- d) Fomentar actividades orientadas á sensibilización sobre temas de igualdade de xénero.

Artigo 43º A Comisión de Honras e Distincións

A Comisión de Honras e Distincións A composición e funcións da Comisión de Honras e Distincións se recollen no Regulamento de Honras e Distincións da Facultade de Física.

TÍTULO SEGUNDO: DA ELECCIÓN E REVOGAMENTO DO DECANO OU DECANA

Capítulo I: Da elección do decano ou decana Artigo 44º

A elección de decano ou decana farase segundo a normativa electoral vixente na USC.

Capítulo II: Da revogación do decano ou decana Artigo 45º

O decano ou decana pode ser revogado ou revogada segundo a normativa electoral vixente na USC.

TÍTULO TERCEIRO: DA REFORMA DO REGULAMENTO Artigo 46º

A iniciativa para a reforma do Regulamento será adoitada polo decano ou decana a iniciativa propia ou tomando en consideración unha proposta asinada alomenos polo 20% dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 47º

As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración no Pleno da Xunta. Se a proposta recibe os votos favorables de polo menos o 50% dos membros desta presentes, abrírase un prazo para a presentación de emendas e a súa análise nunha Comisión específica designada pola Xunta e con representación dos diversos sectores do Pleno.

Artigo 48º

Unha vez aprobado o texto pola correspondente Comisión, será elevado ó Pleno. Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto da maioría absoluta dos asistentes. De non ser así, a proposta de reforma considerarase refugada, e non poderá proporse idéntica reforma ata transcorrido o prazo dun ano.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Os acordos dos órganos colexiados contemplados neste regulamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello de Goberno, e a decisión deste esgotará a vía administrativa, sendo impugnabile ante a Xurisdición ContenciosoAdministrativa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Consonte co artigo 73.3 dos Estatutos da USC, contra as decisións do/a Decano/a, que adoitan a forma de resolucións, se pode interpoñer recurso de alzada diante o reitor.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor coa súa publicación no Taboleiro da sede electrónica da USC, logo da súa ratificación polo Consello de Goberno.

Visto o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Física, aprobado na súa xunta de Facultade de 26-04-2019, infórmase favorablemente para a súa aprobación polo Consello de Goberno da USC.

Santiago de Compostela, setembro de 2019
Pola Asesoría Xurídica



Mª del Carmen Soengas Seoane

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/10/2019 19:44:34.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 02/10/2019 15:10:33.

CSV: A765-EA87-4D25-8123